

A LEDICIA DE LER

O libro de Víctor Vaqueiro

Por CARLOS CASARES

Entre as publicacións aparecidas durante este ano con motivo do “Día das Letras Galegas” merece ser destacado un pequeno libro de poemas que obtivo unha xusta mención por parte do xurado encargado de fallar os Premios da Crítica de Galicia para 1979. Titúlase Lideiras antre a paisaxe e o seu autor é Víctor Vaqueiro, un mozo de algo máis de trinta anos, profesor de Bioloxía nun colexio privado e que inicia agora unha carreira poética que o paso do tempo permitirá ir valorando adecuadamente.

O que podemos xuzgar xa agora é o seu comezo, que nos parece responsable. Este primeiro libro de Víctor Vaqueiro está escrito dun xeito reflexivo e coidado, con preocupación pola linguaxe e sin estridencias. E a súa unha poesía consciente, elaborada e culta, con sólidos fundamentos literarios. Os seus versos non nacen da improvisación, senón que son o resultado dun traballo creador medido e disciplinado.

A clave desta consciencia de que falamos, que o lector descubrirá por si sin demasiado esforzo, descúbrea por outra parte o propio autor dunha maneira explícita. Nunhas palabras limiares que xuzgamos demasiado breves e desplazadas de lugar (estarían mellor a modo de prólogo ou programa que como simple texto para unha solapa firmada), pero que son lúcidas e oportunas, explícase o método do poeta e o propósito que o move. Partindo da idea xeral de asoballamento, Víctor Vaqueiro pescuda por un lado as constantes que se atopan en distintas situacións concretas e por outro trata de artellar un mundo mitolóxico que abrangue desde a infancia e a historia persoal hasta os comezos do que el chama a historia nacional de Galicia. Nicola Sacco, os membro da “Baader-Meinhof”, un vello tolo, forman parte, entre outros, do grupo de poemas que encarnan a primeira idea. A patria, a terra, Pardo de Cela, Pepa a Loba,

Viriato, Alexandre Bóveda, as Encrobas, enchen a sella da mitoloxía personal e nacional do poeta.

Como se ve, nada novo respecto da temática da poesía anterior. Os mesmos temas, a mesma épica, incluso a mesma retórica política dos últimos anos, durante os cales un radicalismo nacido do contrapunto dunha situación hipócrita e abafante colocaba, e aínda sigue colocando, no mesmo altar o misticismo político dos revolucionarios nihilistas saídos da frustración vital das clases medias, e as arelas colectivas dos pobos no camiño da historia.

A novidade está no tratamento literario que se fai de parte desta temática, que recupera así unha significación que un uso irresponsable da linguaxe lle tiña tirado. Porque o valor máis grande e destacable deste libro é a súa linguaxe, o traballo do verso, a pescuda de formas expresivas, a pulcritude da escritura, a amplitude e riqueza idiomáticas, valores que, ao meu xuício alcanzan a cota máis alta no poema titulado “Denantes”.

Víctor Vaqueiro pertence á calidade dos poetas conscientes, preocupados polo seu oficio, empeñados na construción dunha obra ben feita. Este seu primeiro libro, tan serio, colócao nun lugar destacado entre os poetas novos. E a pouco que maduren os froitos que aquí apuntan non tardará en converterse nunha figura respetada e considerada no panorama das nosas letras. Para elo, o labor emprendido terá que se ir purificando. Porque hai no seu libro importantes limitacións, que tollen as súas posibilidades. Por exemplo, o recurso a formas lingüísticas estereotipadas e pouco significativas que se repiten con máis frecuencia da desexable (*aldraxado, alporizado, arrepiado, silandeiro...*) ademais dunha adxetivación ás veces pobre e fácil que desfigura o bon andar de non poucos versos (*trebón arrepiante, boca infinda, patria esnaquizada...*). Superar estas eivas non lle ha ser difícil a un traballador da linguaxe da raza que Víctor Vaqueiro ensina en *Lideiras antre a paisaxe*.